

HISTORIA DA FILOSOFÍA

Avaliación dos exercicios: análise, 4 puntos; 1ª e 2ª cuestión, 3 puntos cada unha. (O alumno elixirá dúas cuestións das tres propostas).

OPCIÓN 1

“Supoñamos que a mente é, como nós dicimos, un papel en branco, baleiro de caracteres, sen ideas. ¿Como se enche? ¿De ónde procede o vasto acopio que a ilimitada e activa imaxinación do home grabou nela cunha variedade case infinita? A isto respondo cunha palabra: da experiencia. Nela está fundado todo o noso coñecemento, e dela se deriva todo en último termo. A nosa observación ocupándose xa sobre obxectos sensibles externos, ou xa sobre as operacións internas das nosas mentes, percibidas e reflectidas por nós mesmos, é a que abastece ó noso entendemento con tódolos materiais do pensar. Estas dúas son as fontes do coñecemento: delas proceden tódalas ideas que temos ou podemos ter.

LOCKE, *Ensaio sobre o entendemento humano*, Libro II, cap. Iº

1. Explicación e comprensión do presente texto
2. ¿Como explica Locke a orixe do Estado? ¿Cal é a súa finalidade? ¿Que limitacións ten?
3. Caracteriza o Empirismo como oposición ó Racionalismo e sinala os “aspectos positivos” que o Empirismo aporta á Filosofía
4. A partir da distinción entre ideas simples e complexas, ¿que é, para Locke, a substancia?
¿Coincide esta idea de substancia coa de Aristóteles?

OPCIÓN 2

“A intelixencia non obra nin apetece nada sen xuízo como os seres inanimados, nin para formar un xuízo é arrastrada como os brutos por unha forza natural senón en virtude dunha elección e coñecemento propios. A intelixencia coñece o fin, o que conduce ó fin, e ás relacións mutuas das cousas; e, polo mesmo, a intelixencia é a causa do seu xuízo, xuízo que determina nela a acción ou o apetito en consideración a un fin. É así que nós chamamos libre o que é causa de si; logo a intelixencia na súa acción e nos seus apetitos procede con liberdade de xuízo, o cal é ter liberdade de arbitrio; logo as substancias supremas teñen libre albedrío. Ademais é libre o que non está obrigado a cousa ningunha determinada; é así que o apetito dunha substancia intelectual non está obrigado a ningún ben determinado, porque segue a elección do entendemento que abraza o ben dun modo xeral; logo o apetito dunha substancia intelixente é libre como dirixindo as súas tendencias ó ben, calquera que sexa.

TOMÁS DE AQUINO, *Compendio de Teoloxía*, LXXVI

1. Explicación e comprensión do presente texto
2. Posición de Aquino en canto ás relacións entre Razón e Fe
3. ¿Pódese chegar a coñecer a Deus a través das criaturas? ¿En que se fundan as probas da existencia de Deus?
4. O aristotelismo de Tomás de Aquino.

HISTORIA DA FILOSOFÍA

Avaliación dos exercicios: análise, 4 puntos; 1ª e 2ª cuestión, 3 puntos cada unha. (O alumno elixirá dúas cuestións das tres propostas).

OPCIÓN 1

“Por acción comunicativa entendo unha interacción simbolicamente mediada. Oriéntase de acordo con normas intersubxectivamente vixentes que definen expectativas recíprocas de comportamento e que teñen que ser recoñecidas, polo menos por dous axentes. As normas sociais veñen urxidas por sancións. O seu sentido obxectívase na comunicación lingüística cotiá. Mentres que a validez das normas sociais só se funda na intersubxectividade do acordo sobre intencións e só vén asegurada polo recoñecemento xeral de obrigacións!

HABERMAS, J., *Ciencia e técnica como ideoloxía*, Tecnos.

1. Explicación e comprensión do presente texto.
2. Características da **Razón crítica** en Habermas.
3. Sinala as distintas **clases de intereses vitais** que, como “constantes humanas”, fundan e condicionan o coñecemento.
4. ¿Que son e que pretenden os Actos de Fala **comunicativos, constatativos, veritativos, regulativos**?
¿Que esixencias ten a **acción comunicativa**?

OPCIÓN 2

“E ademais -repuxo Cebes interrompéndoo-, segundo este argumento, Sócrates, que ti soes con tanta frecuencia repetir, de que o aprender non é senón lembrar, resulta tamén, se ese argumento non é falso, que é necesario que nós teñamos aprendido nun tempo anterior o que agora recordamos. Mais isto é imposible, a non ser que existise a nosa alma nalgunha parte antes de chegar a esta figura humana. De sorte que tamén segundo isto parece que a alma é inmortal.”

PLATÓN, *Fedón*, 72

1. Explicación e comprensión do presente texto.
2. Explica as distintas clases ou partes da alma e as súas funcións. ¿,Que relacións mantén, en Platón, a alma respecto do corpo?
3. Distingue e analiza as distintas formas de goberno en Platón.
4. ¿Supera Platón o “convencionalismo moral” dos Sofistas? Explica o seu concepto de **ben** e de virtude.
¿Que **virtude** corresponde a cada clase de alma?

CONVOCATORIAS DE XUÑO E SETEMBRO

1. Con carácter xeral:

Os que figuran no Dexeño Curricular Base da materia. É necesario destacar, en especial, os seguintes:

- a) Analisa-lo contido dun texto filosófico, identificando os problemas, os conceptos e os termos específicos que aparecen, facendo explícita a súa estrutura expositiva (teses, argumentos, e conclusións).
- b) Interpretar un texto filosófico sinalando, por un lado, a relación entre o problema que formula o autor e o contexto teórico e social da época e, por outro, diferenciando as propostas que contén doutras posibles posicións sobre o mesmo tema.
- c) Ordenar e situar cronolóxicamente as diversas interpretacións filosóficas estudadas, relacionándoas unhas coas outras, sinalando as súas similitudes e diferencias e recoñecendo a permanencia e a historicidade das propostas filosóficas.

2. Con carácter específico:

- a) O alumno, mediante a análise, fará explícita a estrutura do Texto, indicando **a idea principal ou tese**, os argumentos que a sustentan e as súas conclusións. Sinalará igualmente as **ideas secundarias**, indicará os **conceptos e termos** que os denominan co seu significado no texto e histórico e contextualizará o fragmento dentro da obra do autor.
- b) A resposta a cada unha das cuestións adecuarase ó os contidos do bloque a que se refira.
- c) Valorarase a precisión e claridade da exposición, así como todo o que poida contribuir a mostrar contidos de **tipo actitudinal e procedemental**.

3. Puntuación: *(ata un máximo de 10 puntos)*

Análise de texto	4 puntos.
1ª cuestión	3 puntos
2ª cuestión	3 puntos